

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 28.12.2018

Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 28 de decembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

41852 (10/CPC-000090)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. director xeral de Relacións Exteriores coa Unión Europea, a petición propia, para informar sobre os obxectivos, a axenda e os resultados das viaxes institucionais realizadas fóra do territorio do Estado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 402, do 20.12.2018

Punto 2. Preguntas

2.1

40599 (10/POC-006337)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do problema de saturación que padece e do retraso que acumula o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Viveiro, con competencias en materia de violencia contra a muller, os datos referidos aos xulgados dese tipo que se atopan nas mesmas circunstancias e o prazo previsto para a posta en marcha do plan de actuación para a recuperación do traballo xudicial nas vilas e en todos os partidos xudiciais, así como as medidas que mentes tanto vai adoptar para protexer as mulleres e menores

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 391, do 29.11.2018

2.2

40895 (10/POC-006382)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas pola Xunta de Galicia en relación coa cesión por parte da directiva do Centro Galego de Bruxelas da sala La Tentation para a celebración do concerto "12 horas per la llibertat"

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018

2.3

41738 (10/POC-006490)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 7 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do acordo acadado entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para financiar os grupos de emerxencia supramunicipais durante o período

2019-2021. (Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 400, do 18.12.2018

Punto 3. Proposición non de lei

22185 (10/PNC-001802)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para mellorar o grao de cumprimento e transparencia en materia de planificación normativa

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 236, do 10.01.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2018

César Manuel Fernández Gil
Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 28.12.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 28.12.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 41852(10/CPC-000090)



Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. director xeral de Relacións Exteriores coa Unión
Europea, a petición propia, para informar sobre os
obxectivos, a axenda e os resultados das viaxes
institucionais realizadas fóra do territorio do Estado



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 1ª Institucional, Administración Pública, Xustiza e Interior- do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea para informar **“sobre os obxetivos, a axenda e os resultados das viaxes institucionais realizadas fóra do territorio do Estado”**.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 28.12.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 28.12.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 40599(10/POC-006337)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do problema de saturación que padece e do retraso que acumula o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Viveiro, con competencias en materia de violencia contra a muller, os datos referidos aos xulgados dese tipo que se atopan nas mesmas circunstancias e o prazo previsto para a posta en marcha do plan de actuación para a recuperación do traballo xudicial nas vilas e en todos os partidos xudiciais, así como as medidas que mentes tanto vai adoptar para protexer as mulleres e menores

Publicación da iniciativa, 391, 29.11.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga e Paula Vázquez Verao, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na Comisión 1.^a, sobre a necesidade de reforzar o xulgado e primeira Instancia e Instrución nº 2 de Viveiro.

O xulgado de primeira instancia e Instrución número 2 de Viveiro coñece de todos os asuntos relacionados coa violencia exercida contra a muller. O partido xudicial de Viveiro comprende os concellos de Burela, Cervo, Foz, Ourense, O Vicedo, Xove e Viveiro.

Os medios de comunicación e os sindicatos xudiciais así como o propio persoal acaban de denunciar a situación de acumulación de asuntos e retrasos que chegan aos 18 meses neste tipo de litios. O persoal traballador alertou de acumulación de asuntos sobre demandas de divorcio, separación ou medidas paternofiliais, uso do domicilio familiar, réxime de custodia e visitas e pensión de alimentos a menores, entre outros.

O plan de actuación para a recuperación do traballo xudicial, iniciado o 15 de outubro de 2018, con 6 meses de retraso, cun presuposto de case 3 millóns de euros, e pactado con 3 dos 7 sindicatos só se puxo en marcha nas sete cidades galegas, sen coñecerse cando se iniciará nas vilas e discriminando unha vez máis a cidadanía de pequenas vilas e do rural.

Isto ten consecuencias na orde civil en relación a estes casos de violencia de xénero, posto que todas as medidas relacionadas con estes litixios son absorbidas polo mesmo xulgado que coñece so procedemento de violencia de xénero e tamén porque todo o persoal dos xulgados de Viveiro foi a folga e tamén debido a que as medidas civís solicitadas no proceso penal só sobreviven 30 días,



momento no que se teñan que ratificar ou modificar estas medidas e que prexudican de feito gravísimo aos menores.

Por todo o exposto os deputados que subscriben presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.- Ten constancia a Xunta do problema no xulgado de Instancia e Instrución nº 2 de Viveiro? Sabe canto tempo de retraso acumula?
- 2.- Danse estas mesmas circunstancias noutros xulgados con competencia en violencia exercida sobre a muller como o de Pontevedra ou outros? Diga cales e canto tempo de retraso acumulan.
- 3.- Cando ten pensado a Xunta iniciar o plan de actuación para a recuperación do traballo xudicial nas vilas e en todos os partidos xudiciais?
- 4.- Que medidas ten pensado tomar a Xunta para que protexer as mulleres e menores mentres non se axilice a tramitación destes procedementos de violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Carmen Santos Queiruga

Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 20/11/2018 17:21:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 17:28
Nº Rexistro: 40599
Data envío: 20/11/2018 17:28:18.927

Paula Vázquez Verao na data 20/11/2018 17:21:36

Carmen Santos Queiruga na data 20/11/2018 17:21:40

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 28.12.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 40895(10/POC-006382)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas pola Xunta de Galicia en relación coa cesión por parte da directiva do Centro Galego de Bruxelas da sala La Tentation para a celebración do concerto "12 horas per la llibertat"

Publicación da iniciativa, 394, 05.12.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 12:34:38
Nº Rexistro: 40895
Data envío: 27/11/2018 12:34:38.620

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Nos pasados días asistimos a unha campaña de acoso e intimidación mediática e institucional contra o Centro Galego de Bruxelas por alugar o espazo cultural *La Tentation* para a celebración o próximo 8 de decembro do festival **12 horas per la Llibertat**, en solidariedade coas persoas presas e exiliadas políticas catalás. O máis grave do caso é que na polémica interveu o mesmo presidente da Xunta, que chegou a expresar publicamente a súa “disconformidade, desgusto e rexeitamento” polo feito de alugar un centro galego para “unha actividade que supuña ir contra o ordenamento xurídico de Galicia”.

Estamos diante dun debate que pon de manifesto graves carencias do réxime político español. É en primeiro termo un debate sobre os límites da democracia e da liberdade, e sobre a interpretación regresiva e autoritaria que fai o Estado español dos dereitos fundamentais, perseguindo penalmente a disidencia e o pluralismo político. Nesta cuestión xa interveu reiteradamente nos últimos tempos o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, que condenou a España por non respectar os principios máis básicos dunha democracia. E tamén se pronunciaron diversos tribunais de xustiza europeos, que puxeron de relevo que España máis que un “Estado de dereito” é un “Estado de excepción” ao encarcerar e solicitar elevadas penas de prisión por delitos ficticios de

CSM-REXISTRO-eeP64HqEK-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 12:34:38
Nº Rexistro: 40895
Data envío: 27/11/2018 12:34:38.620

rebelión e sedición para persoas como os dirixentes do “Procès” que defenderon de maneira pacífica os seus ideais.

O que subxace nesta controversia arredor do festival **12 horas per la Llibertat** é a pretensión absurda das institucións españolas de estender a súa xurisdición máis alá dos Pireneos, obviando que Bélxica é un estado soberano, que respecta as liberdades e o pluralismo, e que ten un sistema xudicial con moita máis calidade democrática cá reaccionaria e intervida administración de xustiza española.

E en último termo, o que rebela este debate é a tentativa fallida da Xunta de Galiza e do seu Presidente de dirixir, controlar e condicionar a actividade dos centros da diáspora galega, utilizando para tal fin toda clase de medios, mesmo a chantaxe e a intimidación.

Mais no caso do Centro Galego de Bruxelas picaron en óso pois na xuntanza da directiva do pasado 19 de novembro acordaron, malia as presións de todo tipo recibidas, que “tanto os exilados políticos como o rapeiro *Valtonyc* poderán actuar nos locais de *La Tentation* amparándose no principio de liberdade de expresión democrática”.

Foi unha decisión valente, que cómpre celebrar porque acenos coma este nos engrandecen como pobo. Foi un acto exemplar, que está á altura deste maravilloso proxecto cultural xerado en Bruxelas pola colectividade galega ao longo dos últimos 20 anos. Un proxecto que fala de renovación xeracional, de diálogo intercultural en pé de igualdade, de amplitude de miras, e, en definitiva, das arelas dunha Galiza emigrante afastada dos tópicos e das mixtificacións.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:



CSV: REXISTRO-eefefhgEK-9





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
RÉXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 12:34:38
Nº Rexistro: 40895
Data envío: 27/11/2018 12:34:38.620

Que actuacións levou a cabo o goberno galego para impedir o concerto 24 horas por la Llibertat nas instalacións do Centro Galego de Bruxelas?

Considera que as presións da Xunta de Galiza á directiva do Centro galego de Bruxelas son acordes cos principios dun estado democrático?

Ten intención a Xunta de Galiza de adoptar algunha decisión en relación coa súa colaboración co Centro Galego de Bruxelas, como consecuencia da cesión das súas instalacións para a organización dun evento de apoio a persoas perseguidas pola xustiza española e que están amparadas pola xustiza belga?

Comparte a Xunta de Galiza a idea de que o Centro galego de Bruxelas é un exemplo para a diáspora galega no que ten que ver co desenvolvemento dun proxecto incardinado na realidade cultural belga, innovador, integrador e en permanente diálogo con outras culturas?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 12:34:38
Nº Registro: 40895
Data envío: 27/11/2018 12:34:38.620

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2018 12:32:34

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2018 12:32:40

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2018 12:32:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2018 12:32:43

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2018 12:32:44

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2018 12:32:47

CSV REGISTRO-eefPefhgEK-9
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 28.12.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 41738(10/POC-006490)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 7 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do acordo
acadado entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de
Municipios e Provincias para financiar os grupos de
emerxencia supramunicipais durante o período 2019-2021.
(Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa vía urxencia, 400, 18.12.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/12/2018 11:48:51
Nº Rexistro: 41738
Data envío: 14/12/2018 11:48:51.181

Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Marian García Miguez, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral Urxente en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada por coñecer polo miúdo en sede parlamentaria o recente acordo alcanzado en relación aos Grupos de Emerxencias Supramunicipais para o vindeiro período 2019-2021.

O pasado 29 de novembro a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e provincias facían público o acordo alcanzado co obxecto de asegurar a continuidade do Grupos de Emerxencias Supramunicipais durante o período 2019-2021.

No mencionado acordo se explicitan as obrigas de financiamento de cada unha das administracións para este período trianual, ademais de definirse con precisión as funcións asignadas aos GES.

A pesares de que as competencias en materia de emerxencias correspondan en base a LBRL aos concellos de mais de 20.000 habitantes e ás Deputacións Provinciais, a Xunta de Galicia é consciente da importancia do servizo que os GES están a prestar nos seus respectivos ámbitos de actuación, e consecuentemente ten amosado un importante compromiso orzamentario dende a súa creación no ano 2013.

Este compromiso se ten materializado, non so mediante a financiación directa do servizo, senón tamén a traves de importantes dotacións de material de emerxencias, e apostando pola impartición de formación axeitada a través da Academia Galega de Seguridade Pública.

O grupo parlamentario popular tamén é consciente da importancia dos GES en relación a completar un mapa de emerxencias que cubra a totalidade do territorio galego de xeito eficiente e coherente, garantindo unha resposta eficaz ao conxunto da cidadanía galega, e por iso consideramos importante coñecer os detalles do acordo recentemente alcanzado.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTRO-OKOZVW9U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/12/2018 11:48:51
Nº Registro: 41738
Data envío: 14/12/2018 11:48:51.181

Por todo isto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral Urxente en Comisión:

-Cal é a valoración do Goberno galego sobre o acordo alcanzado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para financiar os Grupos de Emerxencia Supramunicipal durante o período 2019-2021?

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/12/2018 11:45:11

Paula Prado Del Río na data 14/12/2018 11:45:30

María Ángeles Garcia Míguez na data 14/12/2018 11:45:42

María Isabel Novo Fariña na data 14/12/2018 11:45:51

César Manuel Fernández Gil na data 14/12/2018 11:46:09

Antonio Mouriño Villar na data 14/12/2018 11:46:30

María Julia Rodríguez Barreira na data 14/12/2018 11:46:51

Jacobo Moreira Ferro na data 14/12/2018 11:47:06



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 28.12.2018 Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposición non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 28.12.2018 Hora: 10:30

Orde do día

3.1 22185(10/PNC-001802)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia
para mellorar o grao de cumprimento e transparencia en
materia de planificación normativa

Publicación da iniciativa, 236, 10.01.2018



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O Consello da Xunta de Galicia do 24 de maio de 2017 acordou a aprobación e posterior publicación no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia do Plan Anual Normativo 2017, que inclúe, segundo sinala a correspondente referencia, todas as iniciativas lexislativas e regulamentarias que se prevé aprobar no ano 2017, para a súa posta á disposición e coñecemento por parte da cidadanía galega, que son 11 leis, 69 decretos e 25 ordes. A coordinación e seguimento do Plan anual normativo 2017 estaba a cargo da Vicepresidencia da Xunta de Galicia, que no primeiro trimestre de 2018 informará do grao de cumprimento do plan.

Este acordo non deixa de dar cumprimento ao disposto no artigo 132 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que en materia de planificación normativa sinala que anualmente as administracións públicas farán público un Plan normativo que conterà as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte.

Non obstante as previsións deste acordo do Consello, rematado o ano 2017 evidénciase un alto grao de incumprimento do Plan normativo de 2017, xa que das 11 leis previstas unicamente se presentaron 5 e dos 69 decretos anunciados non se aprobaron 34.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Entre as iniciativas lexislativas, deixáronse sen presentar textos tan importantes como a Lei de patrimonio, a Lei do patrimonio natural, a Lei de emprego de Galicia, ou a Lei de ordenación farmacéutica.

Outras, como a Lei de iniciativa empresarial, tivo que presentarse como proposición de lei a través do Grupo Parlamentario do PP, salvando así informes preceptivos que se lle requiren ao Goberno.

No caso dos decretos, o Goberno galego deixou sen regular todo o paquete normativo relativo ao deporte de alto nivel, disciplina deportiva ou persecución da dopaxe, deixando unha vez máis sen desenvolver a Lei do deporte de Galicia de 2012.

Tampouco se revisou a coordinación das Policía Local de Galicia como estaba previsto, o control da calidade dos servizos públicos, o proceso de funcionarización no emprego público autonómico nin se desenvolveu a normativa para transporte público de persoas en vehículos de turismo; vivenda protexida, a regulación da transferencia de resultados da investigación no sistema de saúde, servizos sociais ou a Risga foron outros ámbitos regulamentarios que a Xunta de Galicia non abordou conforme ás súas previsións normativas.

Pero ademais, o nivel de transparencia do Goberno galego nesta importante materia xera gran confusión. A título de exemplo, na páxina web de transparencia da Xunta de Galicia, a data de 22/12/2017, no apartado “*Pendente de aprobación*” dentro da “*Normativa en tramitación*” aparecen as referencias de proxectos de decretos que na maioría dos casos non se facían constar no Plan anual normativo dado a coñecer; ou no apartado “*En prazo de suxestión*”, aparecen dispoñibles para consulta só tres normativas en tramitación.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 10:40
Nº Rexistro: 22185
Data envío: 04/01/2018 10:40:50.247



Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a mellorar substancialmente o grao de cumprimento e transparencia en materia de planificación normativa.

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro de 2018

Asdo.: Juan Manuel Díaz Villoslada
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/01/2018 10:38:23

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/01/2018 10:38:32

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/01/2018 10:38:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/01/2018 10:38:40